

NOTA DE PRENSA

A Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presenta a Guía “Axúdalle fronte ao acoso escolar”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2017- Este xoves 8 de xuño presentarase na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) en Santiago de Compostela a **Guía “Axúdalle fronte ao acoso escolar”**.

Trátase dunha guía elaborada polos membros da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG desde a práctica diaria, ante a necesidade de asesorar ás familias fronte ao acoso escolar que sofren moitos nenos e nenas e adolescentes no ámbito educativo. Nestes momentos o acoso escolar é unha problemática social que en Galicia xa supón un 10% dos casos rexistrados.

Desde a habilitación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do teléfono contra o acoso escolar o pasado 1 de novembro, o 900 018 018, xa foron atendidas máis de 15.000 chamadas, das cales ao redor de 6.000 foron consideradas como posibles casos de acoso. O perfil medio de menor acosado descendeu en idade, e xa figura por debaixo dos 11 anos.

Con esta guía preténdese indicar unhas pautas a seguir polas familias para a detección do acoso escolar e proporcionar unha serie orientacións á seguir para facer fronte ao mesmo. Considérase unha obriga da sociedade prestar a axuda necesaria a todo o alumnado que se atopa nesta situación e así poder erradicar o acoso escolar, o cal atópase en proceso de crecemento tamén a través das novas tecnoloxías como as redes sociais, aplicacións de mensaxería instantánea, etc... chegando a ser un de cada catro casos rexistrados na actualidade.

Convócase aos medios de comunicación a que asistan a presentación que terá lugar o xoves 8 de xuño de 2017 entre ás 18:00 e 19:00 horas, no local do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, sito na rúa Espiñeira, 10-baixo en Santiago de Compostela.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

981 534 049 / 699 908 968

comunicacion@copgalicia.gal